



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27 DE NOVEMBRO DE 2025.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 30.10.2025 E EXTRAORDINARIA DE DÍA 13.11.2025.....	2
2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE: SITUACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE PONTEDEUME.....	4
3. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN 254/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025. 9	
4. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRES DE 2025.....	10
5. DAR CONTA DA REMISIÓN DO CÁLCULO DO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS EXERCICIO 2024.....	11
6. ASUNTOS DE URXENCIA.....	11
7. ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	11
8. ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	11
9. ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	19
9.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	19
9.2. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	22
9.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	22
9.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	24
REMATE DA SESIÓN.....	24
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	24





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27 DE NOVEMBRO DE 2025.

ASISTENTES:

Presidente en funcións:

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións, don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 723/2025 de 25.11.2025*).

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D. Lucía Varela Martínez

NON ASISTEN:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Toma a palabra a Presidencia en funcións que di que antes de comezar coa orde do día, van a facer un minuto de silencio polo falecemento de Antón Varela, deportista eumés do Club de Balonmán de Ponte deume

Logo do minuto de silencio a Presidencia en funcións abre a sesión.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 30.10.2025 E EXTRAORDINARIA DE DÍA 13.11.2025.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES

Expediente TEdC: 2025/G006/0000299

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 30.10.2025

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 13.11.2025

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 30.10.2025 (borrador asinado o día 24.11.2025)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 13.11.2025 (borrador asinado o día 24.11.2025)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro".

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación por separado os borradores das actas.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria de Pleno de día 30.10.2025, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 30.10.2025 (borrador asinado o día 24.11.2025)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sométese a votación o borrador da acta da sesión extraordinaria de Pleno de día 13.11.2025 quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)**, da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE (1), D^a Alejandra Bellón Tenreiro, por non estar presentes na sesión cuxo borrador se somete a consideración; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 13.11.2025 (borrador asinado o día 24.11.2025)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE: SITUACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE PONTEDEUME

Toma a palabra dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, que da lectura á moción presentada:

"Exposición de motivos

O inicio do curso escolar 2025-2026 en Pontedeume está a vir marcado por unha situación preocupante: a ausencia de profesorado especialista en varios centros da vila, especialmente no que atinxe á atención a alumnado con necesidades educativas especiais.

Segundo podemos coñecer a través das reclamacións realizadas polas ANPA da vila, os centros educativos están a sufrir a falla de profesionais clave para garantir unha escolarización digna e inclusiva. Faltan coidadores/as, mestres de Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica e profesionais de apoio, o que está a condicionar o funcionamento básico do centro.

As familias e o profesorado denuncian que esta situación non é nova, senón que se repite cada ano por falla de planificación e vontade política da Xunta de Galicia. A isto súmase a práctica habitual de utilizar profesorado doutras especialidades para cubrir funcións que non lles corresponden, ou aumento encubierto das ratios nas aulas, vulnerando o dereito do alumnado a unha atención personalizada.

En Pontedeume, como no resto de Galicia, a sensación xeral é que segue a perpetuarse a desigualdade e a desprotección do alumnado máis vulnerable, o que non podemos consentir que continúe ocorrendo.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Familias, profesorado e sindicatos coinciden en sinalar que se está vulnerando o dereito básico á educación inclusiva e de calidade. A situación, lonxe de ser puntual, responde a unha falla de planificación estrutural e unha política educativa que prioriza a improvisación e o parcheo sobre a equidade e a anticipación.

Resulta imprescindible poñer fin a esta realidade e garantir, con carácter estrutural, a presenza de profesionais especialistas en todos os centros educativos que o requiran, con independencia do seu nivel de protesta ou exposición mediática. Só así se poderá cumprir o dereito a unha educación pública, inclusiva e de calidade para todo o alumnado eumés.

Por todo o exposto, o Grupo Socialistas de Galicia presenta a seguinte mocion para o seu debate en Pleno e insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Garantir, de forma inmediata, a cobertura de todas as prazas de profesorado especialista necesarias nos centros educativos de Ponte deume, incluíndo coidadores/as, mestres de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, profesionais de apoio educativo e persoal de orientación.*
- 2. Elaborar e presentar un informe detallado sobre as necesidades de profesorado especialista detectadas en Ponte deume para o curso 2025- 2026 e a situación de cobertura real actualizada, con información por centro.*
- 3. Crear un plan específico para a atención á diversidade educativa en Ponte deume, que inclúa recursos humanos suficientes, mecanismos de seguimento continuo e participación da comunidade educativa.*
- 4. Garantir que en ningún centro de Ponte deume se supere o número máximo de alumnado por aula establecido legalmente e que non se empregue profesorado doutras especialidades para funcións alleas á súa formación específica.*

Continúa dicindo a **Sra. Bellón**, que é o exposto é a realidade da problemática existente no Concello, di que si que se cubriu algún posto dos que os centros pedían, como o do profesional de audición e linguaxe (AL) de Andrade, que está por catro horas, pero que o profesional de apoio de infantil, a pesar de estar no catálogo, pero que a resposta por parte da consellería de educación é que hai moitos colexios na mesma situación e que non se vai cubrir esa praza.

En canto ao CEIP Couceiro, di a **Sra Bellón** que a pesar de que se cubriu a praza de pedagogía terapéutica con perfil de AL; pero que é insuficiente para atender as necesidades do centro; a dirección do centro está formada polas 2 especialistas de educación infantil, que cobren conxuntamente a titoría dunha mestra en comisión de servizos que leva anos sen cubrirse, este equipo directivo recomenda máis profesional de apoio para o centro, xa que cada vez hai máis nenos diagnosticados con necesidades especiais, solicitando a dirección dúas persoas a xornadas completas para estas labores.

Continúa dicindo a **Sra. Bellón** que están a detectar dende os servizos de conciliación que cada vez hai máis nenos con necesidades especiais, e di que é fundamental para as familias





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

que se cubran estas necesidades. Di que a resposta da consellería e que faltan profesionais para cubrir esas prazas e que hai moitos centros coa mesma problemática.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que están a favor da moción, pero propoñen unhas emendas, para incluír as reivindicacións do profesorado, non só das AMPAS como se indica na exposición de motivos do moción presentada. A súa proposta é modificar o punto 4 e engadir dous puntos máis quedando redactados os puntos de acordo da moción como seguen:

"1. Garantir, de forma inmediata, a cobertura de todas as prazas de profesorado especialista necesarias nos centros educativos de Pontedeume, incluíndo coidadores/as, mestres de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, profesionais de apoio educativo e persoal de orientación.

2. Elaborar e presentar un informe detallado sobre as necesidades de profesorado especialista detectadas en Pontedeume para o curso 2025- 2026 e a situación de cobertura real actualizada, con información por centro.

3. Crear un plan específico para a atención á diversidade educativa en Pontedeume, que inclúa recursos humanos suficientes, mecanismos de seguimento continuo e participación da comunidade educativa.

4. Garantir que en ningún centro de Pontedeume se supere o número máximo de alumnado por aula establecido legalmente, o cal, en atención ás demandas da comunidade educativa, debe reducirse ata os números máximo de 15 na etapa de infantil, 20 en primaria, ESO E FP e 25 en bacharelato. Por outra parte, débese cumprir escrupulosamente o acordo de agrupamentos.

5. Que que non se empregue profesorado doutras especialidades para funcións alleas á súa formación específica.

6. Reducir o horario do profesorado correspondente á atención directa na aula-21 horas lectivas na etapa de educación primaria e 13 en secundaria- de forma que o profesorado poida dedicar mais tempo á titoría, preparación de materiais didácticos, reunións de coordinación e outras actividades necesarias para garantir unha educación pública de calidade.

Indica a portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, a **Sra. Bellón** que aceptan as emendas presentadas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, que di que os datos que eles manexan non son os mesmos que os indicados pola Sra. Bellón, di que é verdade que hai unha mestra en comisión de servizos no Couceiro, pero ao baixar o ratio de alumnado, non da para meter outra mestra, di que se cumpre a lei. Di que os seus datos indican que nos colexios que hai no concello se arranxaron as deficiencias de persoal existentes, en Andrade xa hai o persoal AL, en Ombre non hai nada que dicir porque ten 5 alumnos e segue a estar aberto; e que no Couceiro a reclamación que fan de outro profesional non se pode cubrir por lei.

Continúa dicindo a **Sra. Pico**, que se saben que a ratio non se cumpren que entón deberían denunciálo, di que e a comunidade na que máis baixaron a ratio, e reitera que a información que lles trasladan dende a consellería de educación indica que se cumpre e se cobren todas as necesidades dos escolares do Concello.

Toma a palabra a **Sra. Bellón** para indicar que hai diferenza entre os alumnos que hai e a ponderación dos mesmos, xa que un alumno con necesidades especiais non contan como un só.

Intervén **dona Rocio Pena Pena, concelleira do grupo municipal do BNG**, para dicir que por Lei os nenos con necesidades especiais contan por 2, que no IES de Breamo actualmente non hai 20 alumnos por aula e xa sen contar se hai entre eles algún con necesidades especiais, se estaría a incumplir a ratio. En relación aos especialistas tampouco se cobren as necesidades, son insuficientes, e se xa o son en primaria, pois en secundaria moito máis, xa que están os alumnos do Couceiro máis outros dous centros educativos. Cita como exemplo un instituto de Narón que cubre catro colexios de primaria dotados con 2 mestres de pedagogía terapéutica (PT), e no instituto só hai un profesional de PT, e preguntase que pensa a Xunta, que pasan á secundaria e xa non teñen necesidades especiais. Di que todo é mentira, que non ten outro nome.

Toma a palabra **Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para dicir que a Xunta de Galicia ve unha realidade obxectiva, que só e contar número de cabezas sen importar as necesidades especiais; pero a visión do seu grupo municipal é reclamar un ensino de calidade polo que necesitan especialistas e profesorado de apoio, e isto está denunciado tanto polas AMPAS, sindicatos e profesorado.

Intervén **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que se está dando unha visión catastrófica da educación en Galicia que non concorda cos datos do goberno do partido socialista no Estado, nin cos informe PISA que fala de que Galicia é pioneira en equidade; que a visión da moción non pode compartila, porque é moi catastrófica, agrava un problema que non é tal.

Sendo as 12:20 minutos don Daniel Ríos Fernández, concelleiro do PSdeG-PSOE abandona a sesión





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra a **Sra. Bellón** para dicir que a moción presentada fala da realidade existente nos centros educativos do Concello de Ponte deume, realidade que lles transmite os representantes dos centros nos Consellos escolares e no día a día.

Intervén a **Sra. Pena** para dicir que é moi sinxelo de explicar porque os informes de PISA e do Goberno falan ben da educación en Galicia, porque están feito cos informes que lle traslada a Consellería de Educación da Xunta de Galicia e que para eles todo está ben e perfecto, informes que non reflicten a realidade existente.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que no tema educativo a Xunta ten a capacidade de poñer a todos os axentes implicados, sindicatos, profesorado e AMPA, de acordo; neste caso en contra da política educativas que a Xunta está a facer; e que se todos os sectores implicados están en contra, algo se estará facendo mal.

Toma a palabra **Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para reiterar que a moción presentada faise en consonancia coas queixas formuladas polas AMPAS e os equipos de dirección dos centros, que están cansos de reclamar e que non se lles faga caso.

Sendo as 12 h e 22 minutos regresa á sesión don Daniel Ríos Fernández, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Sen máis intervencións sométese a votación a moción presentada coa emenda proposta polo grupo municipal do BNG e aceptada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DEZ VOTOS A FAVOR (10)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE (8), D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO seguinte**

1. Garantir, de forma inmediata, a cobertura de todas as prazas de profesorado especialista necesarias nos centros educativos de Ponte deume, incluíndo coidadores/as, mestres de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, profesionais de apoio educativo e persoal de orientación.
2. Elaborar e presentar un informe detallado sobre as necesidades de profesorado especialista detectadas en Ponte deume para o curso 2025-2026 e a situación de cobertura real actualizada, con información por centro.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. Crear un plan específico para a atención á diversidade educativa en Pontedeume, que inclúa recursos humanos suficientes, mecanismos de seguimento continuo e participación da comunidade educativa.
4. Garantir que en ningún centro de Pontedeume se supere o número máximo de alumnado por aula establecido legalmente, o cal, en atención ás demandas da comunidade educativa, debe reducirse ata os números máximo de 15 na etapa de infantil, 20 en primaria, ESO E FP e 25 en bacharelato. Por outra parte, débese cumprir escrupulosamente o acordo de agrupamentos.
5. Que que non se empregue profesorado doutras especialidades para funcións alleas á súa formación específica.
6. Reducir o horario do profesorado correspondente á atención directa na aula-21 horas lectivas na etapa de educación primaria e 13 en secundaria- de forma que o profesorado poida dedicar mais tempo á titoría, preparación de materiais didácticos, reunións de coordinación e outras actividades necesarias para garantir unha educación pública de calidade.

3. DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN 254/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025

A secretaria da lectura a proposta de alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 254/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE 2025.

(Expediente TEdC: 2025/X999/000331)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

"(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...) "





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia **254/2025**, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao **terceiro trimestre de 2025**".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

4. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRES DE 2025.

A secretaria da lectura a proposta de alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRE DE 2025)

(Expediente TEdC: 2025/X999/000332)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 255/2025, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 3º trimestre de 2025".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. DAR CONTA DA REMISIÓN DO CÁLCULO DO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS EXERCICIO 2024.

A secretaria da lectura a proposta de alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO CÁLCULO DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS NO EXERCICIO 2024

Expediente TEdC: 2025/X999/000345

Visto o sinalado na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais en desenvolvemento do previsto no artigo 116 ter da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que establece que antes do día 1 de novembro de cada ano as entidades locais calcularán o custo efectivo dos servizos partindo dos datos contidos na liquidación do orzamento xeral

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 284/2025, de asunto: "Comunicación da remisión do cálculo do custo efectivo 2024 ao Ministerio de Hacienda".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

6. ASUNTOS DE URXENCIA.

Non se presentaron asuntos de urxencia.

7. ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron mocións pola vía da urxencia.

8. ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DACIÓN DE CONTA





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 25 DE OUTUBRO DO 2025 AO 20 DE NOVEMBRO DE 2025 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE NOVEMBRO DE 2025

Expediente TEdC: 2025/G006/0000300

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **624/2025** de 27 de outubro ao **720/2025** de 20 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000692	SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2025	00624/2025	27-10-2025 13:52
2025/G003/000674	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DE D.P.G.	00625/2025	28-10-2025 14:49
2025/G003/000675	PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DE M.J.M.G.	00626/2025	28-10-2025 14:49
2025/G003/000700	SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2025/2026	00627/2025	28-10-2025 14:49
2025/G003/000697	DECRETO RESOLUCIÓN CONVOCATORIA SUBVENCÍONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES DEPORTIVAS 2024-25	00628/2025	29-10-2025 09:54
2025/G003/000666	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS SETEMBRO 2025.	00629/2025	29-10-2025 12:28
2025/G003/000708	SESIÓN ORDINARIA E URGENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2025	00630/2025	30-10-2025 10:29
2025/G003/000701	ELABORACIÓN DE NÓMINAS-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES OUTUBRO 2025.	00631/2025	30-10-2025 11:54
2025/G003/000691	ELABORACIÓN DE NÓMINAS-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES OUTUBRO 2025.	00632/2025	30-10-2025 14:16
2025/G003/000690	ELABORACIÓN DE NÓMINAS-INCIDENCIAS NÓMINA MES OUTUBRO 2025.	00633/2025	30-10-2025 14:16





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000716	BAIXA CADUCIDADE (ENCSARP) 111 - H15069IA.724	00634/2025	31-10-2025 14:53
2025/G003/000698	SOLICITUDE SUBVENCIÓN MEMORIA DEMOCRÁTICA	00635/2025	31-10-2025 14:47
2025/G003/000718	DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA MANDATO CORPORATIVO 2023-2027	00636/2025	01-11-2025 18:40
2025/G003/000696	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SNL. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2026	00637/2025	01-11-2025 18:36
2025/G003/000699	SOLICITUDE SUBVENCIÓN TÉCNICO DE DEPORTE 2026	00638/2025	01-11-2025 18:40
2025/G003/000710	SOLICITUDE SUBVENCIÓN TÉCNICO CULTURA 2026	00639/2025	01-11-2025 18:41
2025/G003/000714	TESOURARÍA: ALTA-BAIXA NO PADRÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO E ANULACIÓN DE RECIBOS.	00640/2025	01-11-2025 18:41
2025/G003/000713	SOLICITUDE SUBVENCIÓN ENVELLECIMENTO ACTIVO 2026	00641/2025	01-11-2025 18:37
2025/G003/000724	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 23, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 7. ÁREA DE GASTO 9.-	00642/2025	05-11-2025 13:53
2025/G003/000729	SOLICITUDE DE CELEBRACIÓN DE VODA XUNTO O DÍA 10.11.2025	00643/2025	05-11-2025 14:00
2025/G003/000728	NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL PARA O 11 DE NOVEMBRO DE 2025.	00644/2025	05-11-2025 14:15
